

## Postais do Castelo de Santa Cruz

Xulia Santiso Rolán

(CONSERVADORA DA CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN)

A relación da familia Quiroga-Pardo Bazán co Castelo de Santa Cruz, do concello de Oleiros, ten moitas semellanzas cos vínculos que deu a establecer coa casa da rúa Tabernas, coa súa posesión de Meirás ou coas demais residencias. Todas elas foron lares, en maior ou menor medida escenarios nos que transcorreu a súa existencia e onde quedou a súa pegada. Tentar recuperala, ou cando menos recoñecela, é dar resposta a moitas cuestións de distinto signo: ¿como eran en xeral os espazos; con que tipo e con que número de obxectos estaban construídos; canto de sensibilidade, de coñecemento, de ostentación, de mimo, se utilizou neles; a que gustos estéticos respondía esta familia na realidade, na intimidade? Agasallos como esta colección de postais de Pedro Ferrer, atopadas e achegadas a nós por Marcos Lires, implican respostas máis claras con respecto ao inconcluso estudo sobre os espazos habitados, que foi esencial para a posta en escena da Casa-Museo. As primeiras investigacións en hemerotecas e arquivos gráficos orientábanse na procura de evidencias deste tipo nas que poder apoiarse á hora de facer unha montaxe máis ou menos baseada na realidade. Se conseguíamos ratificar a pertenza dos obxectos a Emilia Pardo Bazán levaríamos a cabo unha exposición con elementos auténticos, privilexio que poucas entidades das nosas características poden permitirse, de aí a ledicia de atopar este tipo de documentos gráficos.

Estas postais de Pedro Ferrer, atopadas nunha colección particular e moi pouco coñecidas, son tesouros que veñen a engadirmos información do lugar que ocupaban algunhas pezas que descoñeciamos que tiveran pasado polo Castelo. Fálannos sen verbas do ambiente xeral da vivenda e propician a nosa comprensión espacial confirmando algúns presupostos dos que partimos coa musealización da Casa.

Dende o comezo dos traballos de inventariado do patrimonio da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán fíxose evidente a relación da familia Quiroga Pardo-Bazán co Castelo de Santa Cruz por certos obxectos que aludían a esta fermosa paraxe. Unha vez definido o sistema de catalogación, tentamos aproximarnos a algunha información escrita sobre o enclave e a

súa relación coa familia, e sorprendeunos que non fose doado atopala<sup>1</sup>. Nun primeiro momento, o “Castelo de Cavalcanti” parecía non ter dono anterior; a súa historia, na época en que o seu propietario foi don José Quiroga y Pérez de Deza, esposo de dona Emilia Pardo Bazán, pertence a eses períodos que non quedan reflectidos nos textos e que, polo tanto, se van esvaecendo da memoria colectiva, aínda que fora o seu primeiro propietario civil e o responsable do acondicionamento necesario para darlle unha habitabilidade da que seguramente carecía en orixe. En realidade, o paso desta familia polo Castelo de Santa Cruz, a única familia de civís que posuía o enclave dende a súa edificación, determinou unha pegada pouco menos que definitiva na imaxe da illa, un novo ciclo que recuperou e enriqueceu a propiedade que tempo adiante, case cen anos despois, depositaría outra vez en mans do exército.

A serie que aquí presentamos consta de 12 fotografías. Datamos unha delas, a que leva o título “**12. La Coruña: Santa Cruz, Castillo de Quiroga**”, entre 1905 e 1912. Esta sería a única que non pertence propiamente á serie, aínda que conxecturamos que se trata dunha fotografía tomada por Pedro Ferrer e cedida á Librería de Lino Pérez, feito moi habitual nunha determinada época da biografía do fotógrafo<sup>2</sup>. A súa importancia reside en que é a única onde se sinala a pertenza do castelo a José Quiroga<sup>3</sup>.

<sup>1</sup> Donderis Gustavino, A e Isabel Sánchez, J.L. *Historia de las instituciones y Colegios de Huérfanos del Ejército de Tierra*. Ministerio de Defensa. Madrid, 1997.

A colección *Cuadernos de estudios oleirenses* está a preparar un monográfico de Marcos Lires sobre a historia da illa que será a referencia bibliográfica máis recomendable polo labor de acopio e investigación que o autor está a levar a cabo.

<sup>2</sup> Pedro Inocencio Vicente Ferrer Sanz, un dos maiores documentalistas da vida coruñesa dende comezos de século, naceu nesta cidade en 1870, onde o seu pai, o catalán Francisco Ferrer e Puigdengolas se instalara cara ao ano 1864, para traballar como consignatario. Aquí casou con outra coruñesa de orixe catalá, Niceta Sanz. Completarían os ingresos familiares coa explotación dunha papelería na rúa Acebedo, e co paso do tempo acabaría ubicada no baixo do número 61 da rúa Real. Os Ferrer Sanz ocuparían o cuarto andar, onde tamén viviría Pedro Ferrer coa súa esposa Josefina e os seus cinco fillos, así mesmo instalaría o laboratorio fotográfico no faiado. Tras a prematura morte do pai, a empresa pasa a denominarse *Viuda de Ferrer e hijo*. Cara a 1903 o negocio é xa enteiramente responsabilidade de Pedro, co rótulo de *Papelería de Ferrer*.

Cara ao ano 1886 atopamos xa noticias da existencia da imprenta dos Ferrer, o “Establecimiento Tipográfico de la Papelería Ferrer”. O negocio irase ampliando para acoller toda unha serie de novidades técnicas que o convertería en pioneiro nalgunhas facetas da cultura galega. Así comezou a producir litografías, fotogravados, tarxetas postais, fotografías... Ás anteriores actividades engadíraselle a produción musical, gravando e comercializando discos. Coa gravación do coro *Aires d’a Terra* de Pontevedra, baixo a dirección de Perfecto Feijoo, no ano 1904, inaugúrase a industria discográfica galega.

A finais do século XIX, o establecemento dos Ferrer comeza a editar tarxetas postais

As outras once postais compoñen unha serie específica, editada baixo o título **“Castillo de Santa Cruz (La Coruña). Residencia de los Marqueses de Cavalcanti”**. É este último dato o que nos sinala a referencia para a datación, situándonos entre 1920 e 1938. A técnica empregada é a fototipia, en tinta azul. Os títulos están impresos en tipografías douradas, nunha segunda pasada. A autoría do fotógrafo recóllese nunha etiqueta presente na esquina inferior dereita co rótulo “Ferrer Coruña”, aínda que non está presente en todas elas. A serie comeza con diferentes vistas do exterior do Castelo, (as numeradas do 5 ao 9), coa presenza dunha muller en dúas delas, e con portas e xanelas abertas. As seguintes (numeradas cos números correlativos do 11 ao 14) son planos curtos das estancias interiores, coa ausencia total de seres humanos, pero cargadas de obxectos persoais.

A *ILLA*.

### **Postal 12. “Castillo de Quiroga”. S.d. (1905-1912)**

Fototipia de Hauser y Menet. Madrid

Con toda seguridade, dende que no ano 1594 o capitán xeneral Diego de las Mariñas dera a orde de habilitar a illa como fortaleza, non existiu outro período de transformacións arquitectónicas tan importante como cando Quiroga foi o seu propietario. Sabemos que na primeira metade do

ilustradas, coa serie *Pueblos, Paisages, Arte y Costumbres de Galicia*; aínda que non se coñece a data exacta, está próxima ao ano 1892, data das primeiras tarxetas postais ilustradas que circulan na península.

Esta actividade levará a Pedro Ferrer a percorrer o país para fotografalo, entre os anos 1900 e 1930. Impresionou placas de formato 9x13, nas que inclúe un número de serie, e en moitas delas un título e o logo da súa empresa. Empregará a lingua galega para aqueles títulos de temática folklórica ou etnográfica, vencellada a paisaxes ou actividades “rurais”.

Practicamente o legado fotográfico de Pedro Ferrer está composto por postais; postais tipográficas e positivos fotográficos en formato oficial da postal de correos, segundo as normas da Unión Postal Universal en formato 9x14 cm e deseñadas para circular ao descuberto, sen sobre, polo que van pautadas no reverso e co rótulo indicativo da UPU.

Pedro Ferrer morre na Coruña no ano 1939. Nos últimos anos da súa vida dedicouse exclusivamente a atender a papelería. O seu arquivo foi en gran parte destruído ou espallado en sucesivas vendas. Pero debido á intensa actividade de edición de postais atopamos multitude deste material repartido en fondos e coleccións públicas e privadas de todo o país, sen que exista aínda ningún inventario exhaustivo da súa obra.

<sup>3</sup> As pegadas de rodas de carromatos na area lémbrennos que á illa se accedía á pé se a marea estaba baixa, de aí o alugamento de Quiroga dun baixo na vila de Santa Cruz co fin de gardar nel os coches.

século XVII remataron as defensas, e grazas ao segoviano Jerónimo del Hoyo, cóengo-cardeal de Compostela e visitador xeral da arquidiocese, nas súas *Memorias del Arzobispado de Santiago*, coñecemos os edificios da illa no ano 1607: “dentro hay algunas casas donde viven los soldados que la guardan y una ermita de Santa Cruz, donde se dice misa; tiene su cofradia”; os dous datos son interesantes xa que, a falta de máis información sobre ordes de edificación, o edificio central foi en todo caso dignificado polo marido de Emilia Pardo Bazán, que seguramente lle engadiu a torre norte e completou a planta orixinal en “L” ata a rectangular<sup>4</sup>. Quiroga amosa tamén a súa sensibilidade ao incluír o símbolo da confraría da Santa Cruz nalgúns paramentos da vivenda e nos mobles que el mesmo compón con esmero de ebanista.

Coñecemos o abandono en que se atopaba o “castellum” a mediados do século XIX pola descrición que ofrece Madoz<sup>5</sup> “...con una batería de ocho cañones, parapeto poco seguro, endeble muralla y en general bastante descuidado, aunque fue sede de un gobernador, tres o cuatro oficiales y 150 a 200 soldados”. Talvez fora o gravoso do seu mantemento un dos motivos para que o Estado desamortizase a propiedade, desvinculándose dela, e a puxera a venda libre a través de poxa nas poxas estatais que o Ministerio de Guerra levou a cabo na segunda metade do século XIX. Foi José Quiroga y Pérez de Deza quen a mercou, e aínda que non sabemos a data exacta, contamos coa excepcional achega dun veciño de Santa Cruz, que aínda lembra, de cando neno, unha conversa do seu pai con Quiroga na que este lle contou que pagara pola casa e o terreo o que daquela custaba unha parella de bois<sup>6</sup>.

O matrimonio Quiroga-Pardo Bazán celebrouse o 10 de xullo do ano 1868, con toda probabilidade é ao redor desta data cando a illa viviu unha época de prosperidade. Aínda despois da separación amigable do matrimonio, en 1883, Emilia Pardo Bazán gozaba de longas estadías nela, como o testemuña a carta que a escritora lle remite dende o castelo a Luis Vidart Schuch, militar,

<sup>4</sup> Marcos Lires achegounos esta hipótese pola comparación do edificio actual cun plano da illa de 1752 conservado no IHCM de Madrid, no que aparecen propostas de edificación do arquitecto Hermosilla sobre a planta orixinal en “L”. Os planos seguintes amosan que non se fixeron estes engadidos.

<sup>5</sup> Madoz e Ibáñez, Pascual. *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico*. Madrid, 1845-1850.

<sup>6</sup> A recuperación da memoria histórica vese favorecida en ocasións con este tipo de testemuñas. O pai de Antonio de Alonso (1899-2005), alugáralle o baixo dunha vivenda a José Quiroga en 1899, para utilizalo como garaxe para os coches.

escritor, historiador da filosofía española e antigo krausista, onde describe o enclave cun grande aprezo<sup>7</sup>.

*Sr. Dn. Luis Vidart*

*Castillo de Santa Cruz  
22 de septiembre de 1896*

*Querido viejo: después del viaje más fastidioso del mundo, con un calor del Senegal y un polvo amarillento que asfixiaba, aquí he llegado, dejando a Jaime en Monforte, en compañía de su padre y hermanos. Yo ahora estoy en el Castillo, propiedad de Pepe, que es una finca de lo más bonito y romántico que usted pueda figurarse: una isla en el mar, teniendo enfrente la Coruña y la Torre de Hércules. Debe ser este sitio muy sano: se respiran únicamente brisas marinas, yodo y otros ingredientes de esos que reconstituyen.*

*No sé hasta cuando estaremos aquí, creo que mientras mamá se encuentre bien y no nos sea urgente ir a Meirás para algún trabajo. Meirás está a poca distancia. [...]*

Unha somera análise da carta revela a boa relación existente na parella, separada dende había 13 anos. Por outra banda, o motivo da estancia da escritora nesta ocasión puidera ter que ver co comezo das obras das futuras “Torres de Meirás”, que remataron en 1906, e que engaden á autora na lista de personaxes que favoreceron o enriquecemento do patrimonio galego.

É moi probable que unha segunda etapa de rehabilitación do castelo tivera lugar nos anos próximos a 1883, xa que Quiroga se estableceu nel unha vez separado da escritora. Tras a súa morte, en 1912, deixou esta propiedade en herdanza á súa segunda filla, Blanca, e ó seu esposo, o xeneral de cabalería José Cavalcanti. A colocación do escudo Cavalcanti/Quiroga na faciana norte, e sobre todo a coroa de marqués fai que a datación das postais numeradas se poida determinar a partir da segunda década do XX<sup>8</sup>.

Dona Blanca Quiroga y Pardo Bazán, a segunda filla da escritora, foi a derradeira supervivente da saga familiar: Jaime Quiroga y Pardo Bazán, o vinculeiro, e o seu fillo Jaime Quiroga Collantes, foron vítimas da Guerra Civil nos primeiros meses do seu estalido; a máis nova dos fillos da escritora, Carmen, xa morrera, solteira, en 1935. O esposo de Blanca finaría no ano 38.

<sup>7</sup> Pardo Bazán, Emilia. *Carta de Emilia Pardo Bazán a Luis Vidart* Castelo de Santa Cruz, 1986. Arquivo da RAG, Fondo Luis Vidart, correspondencia, sig. 234/505. Doazón de Maurice Hemingway.

<sup>8</sup> Alfonso XIII concédelle en 1919 a coroa de marqués a don José Cavalcanti Padierna de Villapadierna.

Ao non haber máis desdentes, todo o patrimonio da familia recaeu en Blanca, que o doou ou o vendeu. O castelo de Santa Cruz foi doado aos orfos da arma de cabalería, coñecidos como “pínfanos”<sup>9</sup>. O Concello mercouno ao Exército no ano 1989, novamente en poxa pública.

*EXTERIOR.*

**Castillo de Santa Cruz (La Coruña)**  
**Residencia de los Marqueses de Cavalcanti.**

Postais nº 2, 4, 5, 6, 7, 8 e 9.

No ano 1893, Emilia Pardo Bazán, co gallo de construír as futuras “Torres de Meirás” interésase sobre os escritos de Violet le Duc. Lázaro Galdiano faille chegar o libro *Comment on construit une maison* e tras a súa lectura, a escritora comparte as súas ideas co futuro propietario do “Parque Florido” no eido dos usos e significado da arquitectura, enfatizando sobre a importancia do carácter artístico da mesma, no mesmo nivel que o meramente funcional<sup>10</sup>. Tomando como referencia o precioso castelo de Butrón, en Gatica, Biscaia, remata por elixir, absolutamente convencida, o estilo neorrománico; “historicista, racional y hermoso”, sobre este castelo escríbelle en 1894 a Galdiano: “qué cosa tan bonita es un castillo así. No se inventará nunca otra construcción parecida. Es la última palabra de la belleza en la edificación”. Nestas postais tamén se aprecia o mesmo carácter historicista e neorrománico que seguiu a escritora para o deseño das Torres de Meirás<sup>11</sup>, moito máis lóxico neste emprazamento polo seu carácter militar anterior.

**Postal nº 2.** Exterior dende o areal. Apréciase a torre principal e o derrubamento da garita de vixilancia. Distínguese o escudo de Quiroga na parte frontal do muro. Este mesmo escudo aparece en dúas cadeiras afonsinas patrimonio da Casa, de aí a nosa teoría de que estas reflicten pedras armeras de distintas propiedades e non ramas familiares propiamente ditas.

<sup>9</sup> Este colectivo tamén engadiu o seu brasón aos muros do edificio central en 1948; o seu símbolo, a cruz de Santiago fixo que se lle aplicara tradicionalmente ao primoxénito do matrimonio Quiroga-Pardo Bazán xa que don Jaime foi Cabaleiro desta Orde.

<sup>10</sup> Thion Soriano-Mollá, Dolores. *Pardo Bazán y Lázaro, del lance de amor a la aventura cultural (1888-1919)* Fundación Lázaro Galdiano. Ollero y Ramos editores. Madrid, 2003.

<sup>11</sup> Engadir que as “Torres de Meirás” tamén foron fotografadas, e editadas nunha colección de postais de Ferrer, da que só coñecemos unha na que aparece dona Blanca escribindo no salón. ¿Sería o mesmo encargo ao fotógrafo?



**Postal nº 4.** Dona Carmen Quiroga y Pardo Bazán posa na torre de acceso ao Castelo apoiada no balcón de madeira orixinal, substituído actualmente por un de ferro. A porta, en cambio, é a mesma. O magnolio, estudado polo CEIDA para aplicarlle unha datación, resultou ter máis dun século e pertence polo tanto á época de Quiroga.



**Postal nº 5.** Unha vez rebasada a entrada pola ponte, este é o acceso á residencia principal. Esta torre redonda ocupa o terreo da antiga capela na que estaba a confraría. A construción, en orixe e segundo os planos militares, tiña planta cadrada; foi polo tanto José Quiroga quen a fixo circular.

As escadas de acceso exterior da torre, en orixe de madeira, hoxe en día foron retiradas e seladas as portas, o acceso é interior.



**Postal nº 6** Residencia principal. Na faciana norte apréciase o xa citado escudo Cavalcanti-Quiroga. O escudo está coroado coa “coz” de cabalería, arma na que serviu o xeneral, e coa coroa de marqués, que lle foi concedida en 1919 por Alfonso XIII. Abaixo do escudo aparece a Cruz Laureada de San Fernando, máxima condecoración militar, outorgada tras a batalla de Taxdir, na campaña de Melilla, en 1909. Este escudo é idéntico ao que aparece nun broche (nº cat. 245) de xoiería, de platino con brillantes, rubís, turquesas, perlas e esmalte; a súa orixe foi o agasallo de agradecemento do Colexio de Orfos de Cabalería (Pínfanos) a dona Blanca pola doazón do castelo o 1 de setembro de 1939.





Nótese a situación da porta principal, hoxe aberta no corpo central, e a planta baixa, á que se lle engadiu outra en 1943, o mesmo ano en que o xeneral Franco visitou as instalacións.

**Postal nº 7.** Acceso posterior do pazo, na porta central asómase unha muller con mandil.



**Postal nº 8.** Porta de Quiroga. Saída aos acantilados, baixo o escudo de cinco barras de Quiroga, en pedra branca e en ambas as dúas caras da porta.



**Postal nº 9.** Posto de garda ou mirador, orientado ao norte. Chámanos a atención a limpeza dunha paisaxe orixinal, non intervida polas construcións que hoxe invaden a costa.



## INTERIOR

### **Castillo de Santa Cruz (La Coruña)** **Residencia de los Marqueses de Cavalcanti.**

Postais nº 11, 12, 13 e 14.

Segundo o que xa comentamos, sabemos que o espazo responde aos gustos do matrimonio Cavalcanti-Quiroga, pero está construído con elementos que proceden do mesmo universo íntimo que agora pertence á Casa-Museo Emilia Pardo Bazán<sup>12</sup>. É mais; algunhas destas pezas foron elaboradas nesta paraxe e para lucir nela, en concreto aludimos aos arcóns realizados por don José Quiroga e que se atopan no salón principal (*postal nº 11*) Sabemos da súa autoría por comentarios da mesma Blanca Quiroga, que llelo aclarou aos académicos que fixeron a selección de pezas<sup>13</sup>. A pegada que nos deixou o seu autor é a dun coñecedor da madeira, neste caso de castiñeiro, xa que cada lado está construído cunha soa plancha de madeira, o que significa

<sup>12</sup> Cómpre mencionar o *Catálogo da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, Real Academia Galega, A Coruña, 2002. Nel atópase unha análise polo miúdo da colección e as súas orixes, ademais da historia da casa ata chegar aos nosos días.

<sup>13</sup> O que sabiamos da peza, catalogada co número 69, era a súa situación última, no vestíbulo da casa da rúa Goya, 23, Madrid, e que fora consignado como “Arcón de talla. (Fué construído por el Conde consorte de Pardo Bazán)”. Podemos atribuírlo a José Quiroga pola presenza dos escudos que aparecen tallados nos laterais e que se refiren a casas da súa familia.

unha selección moi estudada para garantir o seu envellecemento sen deterioros, un coñecedor da técnica da gubia e un respetuoso coñecedor da historia da Confraría da Santa Cruz, que lle deu orixe e nome á parroquia dende o século XVII.



Se ese arcón foi efectivamente construído por José Quiroga, aínda que con reservas, podemos pensar que tamén traballou na cama doselada que aparece na **postal nº 14** e que responde exactamente á mesma decoración, coa incorporación do baldaquino helicoidal ou salomónico, que tamén aparece noutras pezas da súa autoría que posúe a Casa, en concreto unha mesa de despacho que sería do mesmo xogo (nº cat 86).



En xeral as formas, sinxelas e prácticas, infórmannos sen pretendelo do carácter do seu autor, o estilo austero e recio é o que máis lle gusta a José Quiroga, que sempre foxe do superfluo. É moi fermosa a adiviña que Jesús Muruais lle dedica<sup>14</sup>.

*Mientras tenga el feo vicio  
De ser casi un potentado,  
Ha de ser considerado  
Por las gentes del oficio  
Como un simple aficionado.*

Estilo austero, sen ornamentos superfluos, sólido e recio nas formas, en xeral ambiente sobrio, recio, de liñas limpas e cunha forte referencia relixiosa en todas as estancias, onde aparecen senllos crucifixos. Tamén hai referentes galegos: as madeiras autóctonas, as decorativas hortensias e ese fermoso zoco que loce enriba da mesa do salón principal (*postal n° 11*).

Na outra vista deste salón (**postal n° 12**), xunto ao magnífico secreter de caoba (n° cat.. 87) a única peza que sabemos que proviña deste emprazamento<sup>15</sup>, aparecen os retratos dos pais de José Quiroga: Pedro Antonio Quiroga e Juana María Asunción Pérez de Deza (n° de catálogo 29 e 28 respectivamente)<sup>16</sup> e o retrato a tamaño real do marido da escritora, vestido de Mestre de Ronda (n° cat.. 53) da autoría de Joaquín Vaamonde<sup>17</sup>.

Mesmo este fermosísimo retrato é unha nova proba da boa relación que mantiña a parella aínda a pesar da separación. No momento en que é retratado por Vaamonde, en 1895, había xa doce anos que o matrimonio se

<sup>14</sup> Muruais, Jesús. *Semblanzas galicianas*. Imprenta y estereotipia de V. Abad. A Coruña, 1884. Páx. 83.

<sup>15</sup> Na listaxe de selección de pezas que se conserva na RAG, este moble é descrito como “escritorio con tapa, procedente del castillo de Santa Cruz”.

<sup>16</sup> Os Quiroga veñen da casa de Santirso de Mabegondo e pertencen á Real Maestranza de Ronda. As probanzas da familia para ingresar en dita orde patentizan a nobreza do seu sangue. Dona Juana María de la Asunción era a dona da casa de Corneda, no Carballiño. Casou na parroquia de Santa Eulalia de Banga o 16 de novembro de 1835, a mesma na que foi bautizado o seu segundo fillo, José Quiroga, o 1 de xuño de 1848. Este Pazo de Banga, nova propiedade amada, converteuse para a nosa escritora no lugar dende o que faría numerosas viaxes pola provincia de Ourense e onde escribiu unha boa parte da novela *El Cisne de Vilamorta*.

<sup>17</sup> Anotación na parte posterior do lenzo: “El Excmo. Señor don José Antonio Fernando Quiroga y Pérez de Deza Mendinueta y Pinal, Conde de Pardo Bazán, Maestrante de la Real de Ronda”.


desfixera, pero a escritora faiño partícipe da experiencia e invítalo a formar parte da galería familiar de retratados.



Tampouco deixan de acudir xuntos aos actos sociais que así o esixen, e os fillos, aínda que se manteñen ao lado da nai, pasan longas tempadas con seu pai neste Castelo de Santa Cruz, no de Banga, no Carballiño, e en Monforte.

Aparece, por triplicado, a cadeira estilo afonsino (nº cat. 88) que se atopa no “gabinete de traballo” da Casa-Museo, e un novo arcón (nº cat. 68) que porta o escudo do Pazo de Santirso de Mabegondo, casa de onde procede don Pedro Antonio Quiroga, e que está xustamente baixo o seu retrato.

A **postal nº 13** mostra unha estancia diferente, cun arco conopial que remata as portas, aínda que esta vez cunha ornamentación vexetal que enmarca o arco pola parte superior. Non hai pezas recoñecidas.



A ausencia dos outros retratos de Vaamonde amosa que ficaron en Madrid, onde se enumeran na última listaxe, nestes espazos madrileños abrangúíase dende o distinguido eclecticismo decimonónico ata a rutilancia deses outros tesouros, case patrimoniais, que foron unhas moi coidadas relacións sociais da Vila e Corte. Por contraste con estas postais, quizais habería que referirse ás fotos de Franzen en *Los salones de Madrid* e aludir á escaseza de pezas solemnes, ao brillo dos mobles dourados isabelinos, ao xogo de personaxes dos tapices, á riqueza da figuración feminina, en fin, aos sentimentos vitais que deixan translucir as pezas de Emilia Pardo Bazán.